

MINIMALISMO

OBRA: EQUIVALENTE VIII

AUTOR: Carl **ANDRE** (1935)

CRONOLOGÍA: 1966

ESTILO: Minimalismo

MATERIAIS: Cerámica refractaria

MEDIDAS: 96 cm x 145 cm

LOCALIZACIÓN: Tate Modern, Londres



O MINIMALISMO

Nos anos 60 e 70 naceron e desenvolvéronse, paralelamente, novas correntes de expresión artística como a Pop Art, a Op Art, a Nova Figuración, a Arte Conceptual ou a Minimal Art. A Arte Minimal, termo acuñado en 1965 pola revista Art Magazine, designa unha serie de obras que xorden como reacción ao exceso pictórico e compositivo do Expresionismo Abstracto. Caracterízase por unha obra innovadora, de formas puras, xeométricas, sen adornos, sen tema e pouco expresivas, case impersonais, que buscan o efecto da luz sobre os materiais e o efecto espacial. Os trazos característicos do Minimalismo serían: a repetición dun elemento sinxelo, a falta de límites precisos (obras que poden continuar indefinidamente no espazo), o uso de elementos xeométricos que aportan sinxeleza, a redución da obra aos seus mínimos materiais e prescindido do accesorio, a importancia da estrutura sinxela formada con elementos simples. Entre os seus maiores representantes están Frank Stella, Sol Lewitt e Carl Andre.

Carl Andre é un escultor e poeta estadounidense, figura destacada dentro do Minimalismo. As súas primeiras obras mostraban unha forte influencia das esculturas de Brancusi. Trasládouse en 1957 a Nova York, onde coñeceu a Frank Stella, co que compartiu estudo en 1959. En 1964 forma parte da mostra colectiva *8 Youngs Americans* na que poden verse xa obras de distintos escultores seguindo unha linguaxe minimalista. A mediados dos 60 segue xa unha linguaxe minimalista, traballando con obxectos idénticos e producidos en serie, cos que compoñía a obra segundo un sistema de módulos matemáticos, reflectindo a repetición de unidades, utilizando materiais como ladrillos, madeiras, bloques ou ferros metálicos ao modo de aqueles ferros que vía durante a súa infancia nos estaleiros da base da mariña na que traballaba seu pai.

COMENTARIO

A peza, coñecida popularmente como *Os ladrillos*, está composta por cento vinte pezas de cerámica refractaria, dispostas en dúas capas, nun rectángulo de seis por dez. As oito estruturas da serie teñen a mesma altura, masa e volumen, pero diferentes formas. Por tanto, todos son “equivalentes”.

Andre é un escultor atípico porque non traballa o material, é dicir, non esculpe, talla ou modela substancialmente o material, ademais de colocar as súas obras sen pedestal, ao nivel do chan e do espectador, integrándoas totalmente no espazo para o que están pensadas. Aínda que fixo a obra para ser instalada en exteriores, o peso principal na súa obra téñeno aquelas pezas pensadas mesmo para que o espectador as ignore se así o quere facer, tal e como explicou algunha vez Andre.

A base da súa arte está nas propias características do material que utiliza e a relación que a peza establece co lugar no que vai ser colocada, e cada peza supón o desenvolvemento dunha idea. En 1966 André dicía na revista *Artforum* que os seus primeiros traballos podían ser descritos como unha escultura como forma, mentres que as súas obras posteriores, respectando as características do material elixido, considera que poden definirse como unha sorte de escultura como estrutura. Dous conceptos, ou de forma ou de estrutura, que máis adiante terminarán dándose a man.

Utilizou materiais pesados como o aceiro, o chumbo, o mármore ou bloques de madeira que atopaba nos lugares onde se dispoñía a traballar, pero facíao cunha lixeireza e sutileza extraordinarias. Procuraba non manipularlos. Unha peza de granito ou metal colocada rigorosamente xunto a outra, só tocándose, sen interponerse nin penetrarse, era en si unha escultura e podía ser tan expresiva como un rostro, coas súas pegadas e marcas que revelan o paso do tempo.

Ante esta peza tense a impresión de que o espazo interno é expulsado do material á espera dunha nova lectura do espectador, como ocorre coas súas xa clásicas alfombras feitas con placas de metais de diferentes cores e brillo dispostas bordo contra bordo para formar cadrados. Pisamos unha escultura bidimensional, o interior baleirouse, non hai peso, o material é unha especie de absoluto, un dispositivo compositivo afastado de todo ilusionismo, e como noutras pezas, cada consunto ten a súa propia lei combinatoria en función do material e a gravidade das pezas. Perfectamente instaladas en illas, descentradas de si mesmas, parecen “momentos” de escultura, máis que esculturas propiamente ditas.

Andre está tamén preto de conceptos e estilos na arte do S.XX como *land art* e arte conceptual, e presenta as preocupacións formais da súa época, como é a apropiación, o inalterado, a estandarización dos materiais industriais, o uso de formas xeométricas espidas ou a introdución do concepto de *site-specific*, e presenta asimesmo unha evolución na súa concepción progresiva de “escultura como forma, escultura como estrutura, escultura como lugar”. Andre puxo un capítulo máis a longo prazo na historia na escultura do S.XX, da forma pechada á construída, da verticalidade á horizontalidade, da lóxica interna das formas á pura exterioridade, da autosuficiencia á xenerosidade, dos temas convencionais (o corpo) á aritmética e o *ready-made*.